

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 13 de NOVEMBRO de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día trece de novembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1265).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1266).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO DE TRAMITACIÓN URXENTE, PARA AS OBRAS DE ESTABLECEMENTO, MELLORA E AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS NO PARQUE CENTRAL DE TEIS DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 3092/213.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.11.13, o informe de fiscalización do 11.11.13, e de acordo co informe-proposta do oficial xefe do Servizo de Bombeiros do 8.11.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO.-** Declarar a tramitación de urxencia do expediente de contratación das obras de establecemento mellora e ampliación dos servizos de extinción de incendios no Parque Central de Teis do Servizo de Bombeiros(Expediente 3092/213.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación para as obras de establecemento mellora e ampliación dos servizos de extinción de incendios no Parque Central de Teis do Servizo de Bombeiros redactado pola técnica de Administración Xeral da Área de Contratación con data 7-11-2013.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a licitación para as obras de establecemento mellora e ampliación dos servizos de extinción de incendios no Parque Central de Teis do Servizo de Bombeiro, redactado polo oficial xefe do servizo con data 26-09-2013.

CUARTO.- Autorizar o gasto establecido como orzamento base de licitación no apartado 3 das FEC, polo importe de 1.070.404,02 euros, máis o 21% (224.784,84 euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local. O que fai un importe total de 1.295.188,86 euros (un millón douscentos noventa e cinco mil cento oitenta e oito euros e oitenta e seis céntimos) para as obras de establecemento mellora e ampliación dos servizos de extinción de incendios no Parque Central de Teis do Servizo de Bombeiros, con imputación á aplicación orzamentaria 13506320000 " Parque de Bombeiros " do orzamento municipal, crédito xerado polo concerto asinado coa entidade "Gestora de Conciertos para la contribución a los Servicios de Extinción e Incendios (AIE)", dividido nas seguintes anualidades:

Ano 2013.- 647.594,43 (IVE incluído)

Ano 2014.- 647.594,43 (IVE incluído)

Aprobar a modificación das porcentaxes establecidas para os gastos plurianuais, no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, que conforme o plan de obra previsto adecúanse respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2014) nun 100%.

De producirse baixas sobre o presuposto base de licitación na adxudicación do presente contrato, as mesmas serán aplicadas aos créditos da segunda anualidade.

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.